XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral de Orzamentos

Edificio administrativo San Caetano, Bloque 3
15781 Santiago de Compostela, A Coruña
Tfno.: 981 54 51 10 - Fax: 981 54 51 94
dxorzamentos@conselleriadefacenda.es

XUNTA galicia
CONSELLERÍA DE FACENDA
DIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS
29 DEC. 2011
ENTRADA Nº
SAÍDA Nº 4367

Visto o anteproxecto da Lei de caza de Galicia, este centro directivo, co obxecto de poder emitir o seu informe preceptivo sobre as súas repercusións orzamentarias, require a modificación da memoria económica, para que, conforme ao establecido no artigo 12 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, avalíese axeitadamente os custos que a proposta normativa poida representar e considere as alternativas existentes para o seu financiamento.

Ao respecto, solicítase que a modificación da memoria incida sobre os seguintes extremos:

- Se especifique ou estime o impacto que tería no gasto, con indicación da aplicación orzamentaria á que se imputaría, se o houbera, a creación/posta en funcionamento do/a:

  - Da responsabilidade da consellería polos danos agrarios causados polas especies cinexéticas procedentes dos terreos de aproveitamento cinexético común, previsto no artigo 55.3.
  - Dos órganos consultivos asesores (Comité Galego de Caza e os comités provinciais de caza), previsto no artigo 71.
  - Da Xunta de Homologación de Trofeos de Caza, previsto no artigo 72.
  - Da creación do Rexistro de Infractores de Caza, tanto materiais como en recursos humanos, previsto no artigo 81.
  - Do canon de compensación para os propietarios dos terreos pola privación do aproveitamento cinexético, previsto no artigo 30.3.

- Por outra banda, as taxas procedentes das actividades cinexéticas, non poderán afectarse ao Fondo de Corresponsabilidade para contribuír á prevención e á compensación dos danos que causen as especies cinexéticas nas explotacións agrarias, polo que se terá que modificar a redacción do apartado catro do artigo 55, nese senso.

- Deberá estimarse o custe dos obxectivos prioritarios das accións de dita lei e as partidas orzamentarias que os financian. Todo o anterior conforme ao sinalado na Orde do 3 de marzo de 2011 pola que se establece o contido mínimo da memoria económico-financeira nos casos de iniciativas lexislativas ou de aprobación de normas con rango regulamentario, plans ou programas de actuacións.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2011

O Subdirector Xeral de Recursos e Análise Orzamentario

Joaquín Caballero Miranda

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SECRETARÍA XERAL
03 XAN. 2012
ENTRADA Nº
SAÍDA Nº

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL